



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

DECRETO.- Aprobación de bases e convocatoria para a selección do/a Director/a do Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro VIII” – Concello de Chantada.

Vista a ORDE do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 85 do 04 de maio de 2023. Corrección de erros DOG nº 92, do 15 de maio de 2023.

Visto o artigo 10 da citada Orde, que sinala que a selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Vista a Resolución de 02.10.2023, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se concede a subvención para o **obradoiro dual de emprego “Serra do Faro VIII”**, sendo a entidade promotora o Concello de Chantada. O proxecto formativo consta de tres Certificados de profesionalidade, con 20 alumnos/as traballadores/as en total, co seguinte desglose:

- EOCB0108: Fabricas de Albanelaría, de Nivel 2, con 7 alumnos-traballadores.
- AGAO0108: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria, de Nivel 1, con 7 alumnos-traballadores.
- SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2, con 6 alumnos-traballadores.

Vista a necesidade urxente de proceder á aprobación das bases e convocatoria para a selección de 1 Director/a do Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro VII”, Concello de Chantada.

Vistos os antecedentes e demais normativa de aplicación, esta Alcaldía **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Aprobar as bases e a convocatoria para a selección de 1 Director/a do Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro VIII”, Concello de Chantada, que figuran como Anexo a este acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, á Oficina de Emprego de Chantada, ao Concello de Taboada e ao Concello de Carballedo, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar as bases de selección na páxina web do Concello de Chantada, e no taboleiro de anuncios do concello.

QUINTO.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local e ao Pleno do Concello de Chantada, na seguinte sesión que se celebre.

Chantada, a data da sinatura dixital.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

O Alcalde, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

“ ANEXO:

BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "SERRA DO FARO VIII" – CONCELLO DE CHANTADA

PRIMEIRA .- OBXECTO.-

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 12 da ORDE do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 85 do 04 de maio de 2023, establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal de dirección que participará no obradoiro dual de emprego “**Serra do Faro VIII**”, promovido polo **Concello de Chantada** e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Posto convocado: 1 posto de director/a

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS DE TRABAJO.-

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter temporal, cunha duración de 12 meses, e será a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da ORDE do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas alumnas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

TERCEIRA.- FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO.-

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ó posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde Laboral.
- Supervisión das actividades formativas que se desenvolvan no **Obradoiro de Emprego "SERRA DO FARO VIII"**, e das actuacións práctico-laborais dos seus participantes.
- Supervisar a formación do alumnado – traballador e a labor educativa do persoal docente
- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa súa posta en funcionamento.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Supervisar a parte administrativa e encargarse da xestión do obradoiro de emprego.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ó mesmo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario, dos servizo de calquera das administracións públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

- Ter os coñecementos e a experiencia necesaria para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego
- **Estar en posesión da titulación de: Arquitecto, Arquitecto técnico, Enxeñeiro agrónomo, Enxeñeiro técnico agrícola e ter experiencia profesional mínima de 48 meses coa titulación.**

En todo caso, os interesados deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo o sondaxe pola oficina de emprego.

QUINTA.- BAREMO.-

1. Méritos

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

I) Experiencia profesional/docente:

- ✓ Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.
- ✓ Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación esixida nestas bases para o posto de traballo: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de 2,5 puntos.

O período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

- ✓ Experiencia docente impartindo cursos de formación ocupacional ou como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego : 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 1,5 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría e na ocupación esixidas nas presentes bases.





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

- No caso de traballador/a autónomo/a: certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixida nas presente bases, e os seus períodos de tempo.

II) Cursos recibidos:

- Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, nos que necesariamente deberán figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado 1 punto.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

III) Coñecementos de lingua galega:

- ✓ Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos.

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se poda acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Xunta de Galicia.

2. Proba de aptitude e/ou coñecementos.

Unha vez valorados os méritos pasarase a realización dunha proba de aptitude e/ou coñecementos coas persoas candidatas coa finalidade de determinar as súas destrezas profesionais e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado.

A puntuación máxima que se poda acadar neste apartado será de **3,50 puntos**.





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

Consistirá na realización dun exercicio tipo test. O exame constará de 14 preguntas con 4 respostas alternativas. Cada resposta acertada vale 0,25 puntos. Por cada resposta errada descontarase -0,10 puntos. Non puntuán as preguntas que queden sen contestar.

I) Temario para a proba de actitude e coñecementos

Tema 1.- Prevención de riscos laborais.

Tema 2.- Seguridade e saúde no traballo.

Tema 3.- Igualdade entre mulleres e homes.

Tema 4.- Cuestión básicas e prácticas do posto a desenvolver.

Tema 5.- Normativa dos obradoiros duais de emprego.- Orde da convocatoria e normativa que a regula.

Tema 6.- Certificados de profesionalidade. Aspectos básicos, normativa, e requisitos.

Tema 7. Coñecementos específicos dos certificados a impartir: EOCEB0108, AGAO0108 e SSCS0208.

SEXTA.- OFERTA DE EMPREGO.-

Unha vez constituído o grupo de traballo e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van a participar no obradoiro de emprego, presentarase a oferta na Oficina de Emprego de Chantada, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- Ámbito xeográfico: Concellos de **Carballedo e Chantada**.
- Número de postos: 1
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Arquitecto, Arquitecto técnico, Enxeñeiro agrónomo, Enxeñeiro técnico agrícola.
- Requisitos: según bases.
- Candidatos por posto: 3

As persoas preseleccionadas pola oficina serán convocadas por carta na que se sinalará o lugar, día e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolles así mesmo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os seus méritos, así como unha copia para entregar ao grupo de traballo.

A selección terá lugar o día 08 de novembro, as 09:00 horas na Casa do Concello de Carballedo.

Se o grupo de traballo así o acordase, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas e de remitida a antedita oferta a oficina de emprego, poderá darlle publicidade a dita oferta mediante a súa exposición nos taboleiros da oficina de emprego cun mínimo de dous días en difusión, e nos Concellos de Taboada, Chantada e Carballedo.





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos e na realización dunha proba de aptitude e/ou coñecementos.

A tal fin, e de conformidade co previsto na base 6ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo grupo de traballo.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base 5ª. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita **valoración de méritos é de ata 7,50 puntos.**

A continuación da avaliación dos méritos, e no mesmo acto, o grupo de traballo procederá a realización dunha proba de aptitude e/ou coñecementos a cada un dos aspirantes coa finalidade de coñecer súas destrezas profesionais e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado. A puntuación máxima que se pode acadar pola **proba de aptitude e/ou coñecementos será de ata 3,50 puntos.**

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na proba de aptitude e/ou coñecementos, e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes, para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Finalmente, serán obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web as puntuacións finais dos declarados aptos, o nome do candidato proposto para ser contratado, e a lista de reserva.

OITAVA.- ADMISIÓN.-

A entidade promotora estará obrigada a contratar a persoa que sexa proposta polo grupo de traballo atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación, certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada





Concello de Chantada (Lugo)

Pza. España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982440011-Fax. 982462102 emprego@ concellodechantada.org

non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego, e declaración xurada de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

-
Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propondrá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

NOVENA.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.-

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo para a selección, no prazo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das actas no taboleiro de anuncios do Concello de Chantada, e serán resoltas polo grupo de traballo, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DAS BASES.-

Estas bases deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta cun mínimo de dous días en difusión, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro de emprego e concellos asociados do obradoiro de emprego.

